

LIMIAR (2020)

No prólogo da reedición de varios textos de Carvalho Calero da época de estudante universitario, reunidos en *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares* (1930-1933), libro publicado en 1987, o autor manifestou que había que proxectar a atención sobre a historiografía da época enfrontando con método obxectivo as fontes documentais e as testemuñas presenciais. Iso é o que tratamos de facer cando concorremos coa nosa investigación ao VI Premio Literario Ánxel Fole, convocado pola Fundación Caixa Galicia e o diario *El Progreso*, dedicado na edición de 1992 ao polígrafo ferrolán Ricardo Carvalho Calero. O día 8 de maio de 1992, o xurado integrado por Darío Villanueva Prieto, Araceli Herrero Figueroa, Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez, fallou o premio no que resultou gañador o noso ensaio, *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)*. Tal como foi presentado ao certame literario, así pasou ás páxinas do libro publicado por Edicións do Castro, o que explica que algúns pormenores non puideran sinalarse por unha razón moi sinxela: o anonimato marcado polas bases do premio obrigaba a medir as palabras da introdución para non desvelar datos que puidesen identificar a autoría. De aí que nos referísemos á “autenticidade das fontes”, á “información de primeira man”, ao “acceso á documentación persoal”, frases tras das que se agochaba un feito: se o noso ensaio incorporou información, imaxes e documentos rigorosamente inéditos foi porque M^a Ignacia Ramos Díez –compañeira de vida e de ideais de Carvalho Calero– nos facilitou con enorme xenerosidade todo o que precisábamos do período delimitado para a investigación, o menos coñecido na altura, sobre todo o que tiña a ver co acontecido nos anos 1936-1941, que o biografado non gostaba de lembrar. Por outra parte, a información pro-

cedente de fontes orais foi fundamental, a comezar pola que nos proporcionou a mesma M^a Ignacia Ramos, sobre o seu home e sobre si propia, á que hai que engadir a de Dolores Carballo Calero e a que nos ofreceron compañeiros e compañeiras daquel período, de estudos, de traballo no Seminario de Estudos Galegos e/ou de militancia no PG: Felipe Fernández Armesto, Pilar Briones, María Luísa Daviña, Antonio Fraguas Fraguas, Manuel Beiras García e Francisco Fernández del Riego.

Velaí as fontes documentais e as testemuñas presenciais ás que aludiu Carvalho no prólogo citado. A todas estas fontes, indispensábeis, unimos a nosa investigación e a consulta exhaustiva de fontes hemerográficas para construírmos o espazo biográfico carvalhiano que abranxe de 1910 a 1941. A decisión de detérmonos nun período concreto da súa traxectoria vital veu imposta, tamén, polas bases que limitaban os traballos presentados a un número determinado de páxinas (cen), absolutamente escaso para elaborar a totalidade da súa biografía. As razóns de fixar a nosa atención naqueles primeiros trinta anos de vida explicámola na Introducción que segue a este limiar. Mais hai outras, non suficientemente explicitadas naquelas páxinas introdutorias aínda que desenvolvidas, e ben visíbeis, ao longo do libro a través do traballo de contextualización do período, coas palabras das testemuñas e, inclusive, co título do libro, cuxo último parágrafo resume o noso sentir: cando Carvalho saíu do cárcere e regresou a Galiza para iniciar unha nova etapa, aquel galego de algo máis de 30 anos, en plenitude de vida, coa FOULA do galeguismo como norte da súa procelosa navegación, deixara unha esteira, un RONSEL, que foi, para moitos galegos e galegas, búsola orientadora de navegantes na súa singradura polo mar da esperanza.

De aí a escolla desta etapa na que nos referimos a un singular estudante de bacharelato, lector afervorado dos clásicos, que sabía de cor *La vida es sueño*, daba aulas de fran-

cés ás irmás e irmán, escribía esbozos teatrais para representar con eles, compuña os seus primeiros versos, algúns publicados en revistas e xornais; referímonos ao adolescente maduro –“ateigado da ciencia da dor”, en palabras súas, polas prematuras mortes da nai, da madriña-nai e de dous irmáns– que chegou a Compostela antes de cumprir deza-seis anos e axiña comezou a confraternizar cos membros do Seminario de Estudos Galegos, xeración á que pertencu, e da Xeración Nós. Algún triplicáballe a idade, como Salvador Cabeza de León (1864), baixo cuxa presidencia ocupou o cargo de bibliotecario, cando contaba 17-18 anos, secretario de actas e secretario xeral. Outros compañeiros con quen se relacionou moito case lle duplicaban os anos, como Castelao (1886) e Otero Pedrayo (1888), aos que sempre considerou os seus mestres. Coñecéraos na Festa da Prosa Galega, celebrada o 24 de abril de 1927, unha auténtica asemblea da cultura galega e unha das máis interesantes sesións organizadas polo SEG, onde leron as súas prosas un grupo de escritores, entre eles Rafael Dieste –mentres lía “O gato suicida”, o pintor Carlos Maside fixo un apunte daquel momento que publicou en *El Pueblo Gallego*–, Otero Pedrayo e Castelao, que puxo o punto final á sesión coa lectura de “O retrato”, ante un público entusiasta que o ovacionou e obrigou a ler outra prosa.

Referímonos ao dirixente universitario daquela xeración –para Luís Seoane a máis importante que tivo a Universidade galega en moitos aspectos–, elixido polos alumnos do Padroado da USC, como cualificado representante da clase escolar, para pronunciar o discurso de apertura do curso 1930-1931; discurso onde defendeu aspiracións xerais, comúns a toda a universidade española, ás que engadiu outras particulares de Galiza. Canto ás primeiras estaban: a colaboración cordial co corpo docente, a resolución dos asuntos universitarios en cooperación co profesorado e a organización e unión do sector escolar –con respecto total

ao ideario político de cadaquén–, para constituír unha grande forza cultural, a través da Federación Universitaria Escolar (FUE). Para as aspiracións particulares, Carvalho foi taxativo e as súas palabras moi esclarecedoras cando expresou o desexo de que a universidade fose galega de corpo enteiro. Solicitou a galeguización porque –manifestou– Galiza existía e, por esa mesma razón, tiña dereito a unha cultura propia. De aí que as aspiracións do mozo ferrolán, que representaba a un sector importante do estudantado en número e cualificación, se encamiñasen a crear unha vida universitaria autenticamente galega. O primeiro paso para conseguilo, segundo expuxo no discurso, consistiría en lograr a coexistencia oficial de castelán e galego nas cátedras.

Aquel mozo espertou a admiración de compañeiros e compañeiras, como se pode ler nos testemuños que recollamos no capítulo 2. Engadiremos un máis: ao evocar o ambiente estudantil da década de 1920, Lois Tobío (1994: 155) referiuse a dous estudantes ferroláns que chegaron a Compostela, Carvalho Calero e Montero Díaz, que levaban “o sinal dos escolleitos”. Sobre o primeiro, “serio, metódico e activo”, salientou a súa traxectoria de entrega total a Galiza pola que traballou até chegar a ser un dos mestres da nosa cultura, non só no campo da filoloxía, onde sobranceaba, senón como poeta, novelista, historiador e crítico.

Non podíamos deixar de referirnos neste ensaio a outros ámbitos de actuación de Carvalho Calero, como o da escrita: a Casa Grande da Poesía Galega abriulle as portas a un poeta precoz que, pouco despois de cumprir os 17 anos, deu á luz o seu primeiro libro, *Trinitarias*, ao que seguirían nun curto espazo de tempo outros tres, alén de numerosas colaboracións, literarias ou non, onde xa comezou a mostrarse como un fino analista crítico. Foi o seu un traballo vocacional ao que se dedicou con talento e paixón e que deu como froito centos de páxinas da súa autoría que fica-

ron impresas en xornais, revistas e libros. Unha produción que, ao longo dos anos, pasou a ser de enorme magnitude. Sen esquecer a faceta de orador, de conferencista; actividade que iniciou no Centro Obreiro de Cultura de Ferrol o 13 de xullo de 1929 (tiña 18 anos), sobre a *República* de Platón, e continuou en diversos auditorios, desde os universitarios aos dun sindicato de agricultores “Libertad y Progreso” de Serantes.

E damos conta, igualmente, do seu activismo como militante, e dirixente, do Partido Galeguista no período 1931-1936 que, antes da constitución do PG, tivera unha primeira experiencia política na denominada “Agrupación Nazionalista independente” de Compostela, onde ocupou o cargo de vicepresidente ao lado de Lois Tobío, que presidiu aquel colectivo integrado, entre outros, por Banet Fontenla, Xoán Xesús González, Vázquez Enríquez, González García-Paz, Luís Seoane ou Xosé Eiroa, con sede na rúa compostelá das Rodas, nº 2. Coa dos seus compañeiros, aquel mozo fixo ouvir a súa voz en numerosos actos políticos –algúns radiados– ou a través da escrita, porque era(n) consciente(n) do papel que xogaba a xuventude no proceso de construción do país, na defensa da súa lingua e cultura, das súas tradicións, na prosperidade colectiva, na angueira política e na paz social.

Coa frase “afervoadada achega ao renacer de Galiza” describía *El Pueblo Gallego* o labor que estaba a realizar o escritor e activo galeguista, ex-presidente da FUE nos tempos combativos daquela agrupación escolar, ao anunciar a intervención do 14 de abril do ano 1934 no Centro Galeguista de Vigo. E engadía que Carvalho representaba o espírito admirabelmente dotado da nova xeración galega universitaria.

Aquel período que seleccionamos para o noso ensaio foi crucial na súa formación e na súa vida, coa ditadura de Primo de Rivera e a República como pano de fondo. As

formulacións galeguistas, nacionalistas, a escrita, a metodoloxía da obra investigadora, o polifacetismo enciclopédico, a actividade cultural do ferrolán teñen a súa orixe no tempo que antecede ao período bélico, único momento de actividade estritamente política, unida á cultural porque, como o propio Carvalho manifestou, a cultura en sentido amplo, para alén das manifestacións artísticas, comprende tamén as realizacións de tipo social:

“É evidente que se necesita unha política cultural que favoreza as realizacións da alma colectiva galega, mais sempre procurei separar o que é pura ciencia do que é política, aínda que hai un lazo que liga o estudo científico da cultura galega coa política xeral do proceso a favor dunha afirmación das nosas esencias. Xa Murguía indicaba que o movemento galeguista foi desde os comezos á vez político e cultural.” (Blanco 1989: 50-51)

Foi tempo de sementar, na acción cultural, social, política. Foi tempo de percorrer pobos e cidades para espertar a conciencia galeguista; de estar á altura do momento que lle tocou vivir –como proclamou en “O noso Día 1933”, publicado en *A Nosa Terra*–, porque eran momentos cargados de substancia histórica; foi tempo de traballo na elaboración do anteproxecto de Estatuto de Autonomía; tempo de acudir a Madrid como compromisario para a elección do presidente da República; tempo de pular polo entendemento coas esquerdas, nomeadamente con “Izquierda Republicana”... Foi tempo, en definitiva, de laborar pola Terra, unha palabra que reunía todos os anxeios e ilusións, toda a entrega, toda a paixón que puxo Carvalho na súa defensa. Máis tarde viría a colleita.

O levantamento militar rachou con aquel proxecto colectivo, ilusionante e esperanzador, xerado na etapa da República, cando bulían por Compostela diferentes xeracións de escritores, artistas plásticos, xornalistas, profesores

e alumnos da USC e xentes doutras profesións, unidas por Galiza, polo seu compromiso co republicanismo e polo seu espírito anti-“La Casa de la Troya”. E Carvalho foi (co)protagonista daquel momento tan vizoso.

Ao pouco de se iniciar o estourido militar, Carvalho, que estaba en Madrid, decidiu loitar contra o fascismo porque non podía permanecer á marxe. Estaba coa República e, embora o ambiente de guerra non lle inspirase o máis mínimo entusiasmo e mesmo falase das “impurezas” da República, non dubidou na elección. Educado no antimilitarismo, preparouse para ser o que realmente foi naquela altura, un combatente exemplar, primeiro como miliciano no Batallón Félix Bárzana, para a defensa de Madrid, e despois como tenente no IX Corpo do Exército Popular da República situado na fronte de Andalucía. Viría despois a detención e a prisión naquel convento xienense habilitado como tal.

Aínda que encontramos algúns dados daqueles anos 1936-1941 nos libros de conversas con Fernán-Vello/Pillado Mayor e Carmen Blanco, e na recreación literaria de *Scórpio*, apenas achamos información sobre a situación persoal, a comunicación coa familia, o estado de ánimo, a vida no cárcere, pois era moi remiso a falar de si propio e, nomeadamente, daqueles acontecementos que tanto o marcaron no terreo persoal e profesional. Por iso, ao aproximármonos a aquel tempo, non quixemos pasar por alto os seus avatares persoais e familiares. Para o derradeiro capítulo deste libro, onde figuran estes contidos, absolutamente inéditos cando se publicou *Foula e ronsel*, tamén contamos con información, imaxes e materiais documentais –algúns reproducidos sen citar procedencia nun exercicio de deshonestidade impropio de investigacións rigorosas e serias– proporcionados por M^a Ignacia Ramos. E contamos coas sete cartas que cruzou con Fernández del Riego, publicadas na actualidade mais non en 1992.

Mentres Carvalho prestaba servizos á República, a barbarie fascista segou a vida de amigos e coñecidos que ficaran en Galiza, cos que coincidira na USC, no SEG, en numerosas iniciativas culturais, nas xeirias propagandísticas do PG ou nas tertulias compostelás da Rúa das Hortas, nº 20, onde tiña o obradoiro Camilo Díaz Baliño, ou a da Rúa do Vilar, 15, onde se xuntaban co editor Casal personalidades fundamentais do século XX; uns espazos que se converteran en auténticas cátedras de galeguidade para toda unha xeración, e que foron, en acertadas e poéticas palabras de Otero Pedrayo, “pombeiros de voares de esperanza” e os libros que saían do prelo de Nós “dornas, velas ou zocas” que levaban o vento e o camiño de Galiza neles.

Entre os homes fusilados cos que se relacionou, estaban Alexandre Bóveda, Xoán-Xesús González, Díaz Baliño, Ánxel Casal, Matías Usero. Outros amigos e amigas partiron cara o exilio, como Castela, Luís Seoane, María Miramontes, Ramón Suárez Picallo, Xerardo Álvarez Gallego, Concha Castroviejo, Joaquín Seijo. Algúns acabaron no desterro, como Valentín Paz Andrade, confinado en Trives e Badaxoz; outros foron represaliados, como Antonio Fraguas e Carlos Maside, ambos profesores de instituto... Como manifestou en “Lembranzas de Luís Seoane” (Grial, 65), aquela guerra esnaquizou todo e até “saqueou” o arquivo da súa memoria. A impresión que lle deixou, recreouna na súa obra literaria, nomeadamente en *Scórpio*: “Aquela guerra era umha monstruosidade do ponto de vista puramente humano” (1987: 286).

Por iso, lector/ lectora, o libro que tes nas mans, revisado e acrecentado, chega até xuño de 1941, após saír do cárcere, cando regresou a Galiza e puido coñecer e coller nos seus brazos a Magalí, a filla que nacera o 17 de xullo de 1936. Comezaba unha nova vida para o matrimonio Carvalho-Ramos. Había que reconstruír, estabilizarse, esquecer, vivir... Desexos que se irían materializando co tempo.

Só nos restan dúas palabras a respecto da mudanza do subtítulo do libro. O adxectivo “xuvenil”, que figuraba na primeira edición, talvez se presta a confusión porque a xuventude de Carvalho foi de auténtica madurez, aínda que semelle un contrasentido –os testemuños dos compañeiros de estudos falan da súa gravidade, da súa seriedade–, un aspecto que, cremos, fica demostrado ao longo das páxinas que seguen. De aí que prefiramos referirnos aos anos que marcaron a súa biografía, porque, certamente, así foi.

Editorial Laiovento incorpora ao seu catálogo, no 30 aniversario da súa fundación, máis un libro sobre Carvalho Calero. Agradecemento ao seu responsábel, Afonso Ribas, e parabéns.

O alento e a axuda de Xosé Luís Ces, compañeiro de vida, na preparación da reedición deste libro foron inestimábeis. Que fiquen constancia.

En Compostela, a 25 de marzo de 2020, cando se cumpre o trinta aniversario da morte de Ricardo Carvalho Calero.

Aurora Marco

ÍNDICE

Limiar 2020	7
Limiar 1992	17
Capítulo 1. Ferrol (1910-1926)	21
30 de outubro de 1910	21
Primeiros anos de infancia	23
O Colexio do Sagrado Corazón de Xesús e a primeira emoción oratoria	24
Unha vocación temperá	27
Unha testemuña de excepción	31
Un corazón enxebre de treboadas	32
Anexo	36
Capítulo 2. Compostela, Ferrol (1926-1936)	43
Un protagonista da historia estudantil	44
O ambiente cultural	45
Dereito e Filosofía e Letras	51
A xeración do Seminario de Estudos Galegos	61
Carvalho Calero escritor	69
Colaboracións en <i>El Correo Gallego</i> de Ferrol	79
O home	87
María Ignacia Ramos Díez	88
9 de marzo de 1928	91
Funcionario do concello de Ferrol	93
Excedencia como funcionario e exercicio docente	95
Carvalho Calero na política galeguista	99
Activismo galeguista (1932-1933)	107
Afervoadada achega ao renacer de Galiza (1934-1936)	112
Anexo	124
Capítulo 3. Madrid, Valencia, Andalucía, Ferrol (1936-1941)	155
Reconstrución dos feitos	156

No Batallón Félix Bárzana.....	157
Na Escola Popular de Guerra de Paterna e en Andalucía	161
A comunicación con Galiza	163
A familia en Ferrol	167
Fin da guerra. No Penal de Santa Úrsula (Jaén).....	168
O consello de guerra	170
A vida no cárcere.....	176
A volta á vida	182
Novamente Ferrol	184
Anexo	186
Bibliografía e fontes hemerográficas	201